

**MOSTRA DE VENECIA**

Stone presenta 'South of the Border', sobre Chávez **p4**



**MISCELÁNEA**

Frases sobre la felicidad, una entelequia **p10y11**



**LITERATURA**

Fernando Iwasaki habla de 'España, aparta de mí estos premios' **p6y7**



Portada do número extra de 'El Eco de Santiago' publicado o 25 de xullo de 1909, arredor da 'Exposición Regional' e o Ano Santo.

Unha exposición no Palacio de Fonseca e un libro (con dúas edicións diferentes) celebran estes días o centenario da que se chamou "Exposición Regional Gallega de 1909". Henrique Alvarellos, comisario da mostra fotográfica, financiada pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, e autor do libro conmemorativo, conta ao CORREO 2 como se xerou esta celebración. En realidade, a magna Expo de 1909 estaba case esquecida, a pesar de que tivo unha importancia indubidable. Para empezar, colocou a Santiago outra vez no mapa, logo de perder a capitalidad provincial nunha reforma administrativa de 1833. Pero, sobre todo, trouxo o impulso de Europa ata o corazón do Compostela. Santiago coñeceu o impulso que animara as exposicións de Londres ou de París, e algunhas outras, como a de Barcelona, a primeira de carácter universal que se celebrou en España (en palabras de Margarita Barral), e que tivo lugar en 1888.

Desgraciadamente, os problemas que a Exposición sufriu, malia superar os 53.000 visitantes, e os acontecementos históricos que salpicaron o século XX, non axudaron a que aquela onda de modernidade e europeísmo, se consolidase nunha época tan temprana. Hoxe quedan poucos restos daquel ano máxico para a cidade de Compostela.

*Pasa á páxina seguinte*

# SANTIAGO 1909, O ANO DA MODERNIDADE


Foi no verán de 1909 cando Compostela entrou de súpeto na modernidade. A chamada 'Exposición Regional Gallega' foi un evento máxico. Malia os episodios adversos, a mostra tivo gran sona e moitos visitantes. Hoxe, cen anos despois, unha exposición e un libro devolven aquela maxia modernista ao presente.

Texto: **José Miguel Giráldez**  
Fotos: **Chicharro, Gil, Rey, Carrero, González y Guerra**

## a memoria compostela, 1909

**P**ara Henrique Alvarellos, autor do libro *Santiago, 1909*, hai épocas máxicas no calendario. Épocas non suficientemente estudadas que, con todo, tiveron unha gran transcendencia histórica. Alvarellos leva case vinte anos buscando algúns deses momentos de ouro da nosa historia, e un bo exemplo de todo iso é, sen dúbida, a súa colección *Rescate*, onde se volve sobre textos e autores practicamente esquecidos. Agora, o xornalista e escritor, preferiu volver a un momento histórico no que Santiago converteuse durante cinco meses nunha cidade global, coa mesma forza coa que o foi global na Idade Media. Ese ano foi 1909, co século apenas comezado. Un momento máxico que reflicte dun xeito fascinante a exposición inaugurada en Fonseca, en Compostela, o pasado xoves. Para a ocasión, Alvarellos produciu unha segunda edición do libro. Se a primeira se fixo co Consorcio de Santiago, que está realizando un exemplar labor de recuperación da nosa historia local, con máis de cen libros publicados, a segunda, expresamente para a exposición, sae á luz da man do Xacobeo, que a promove. A Universidade de Santiago de Compostela cede as instalacións para o evento. E o propio Henrique Alvarellos actúa como comisario da mostra. Todo un evento, xusto agora, cen anos logo do que puido ser o lanzamento de Compostela cara á modernidade, nun tempo maravilloso, despois da escuridade do século XIX.

**Henrique Alvarellos non pode disimular o entusiasmo que lle produce a exposición en torno ao que significou 1909 en Santiago de Compostela. Pero o certo é que este asunto permanecía aí, como tantos outros, practicamente durmido. “Descubrín a Exposición”, di, “grazas a José Luís Cabo Villaverde, que, por certo, acaba de falecer, ao con-**



**Unha vista do Pavillón do Centro Galego da Habana na exposición ‘Regional Gallega’ de 1909**

**“Tiven a primeira visión da Exposición Regional Gallega de 1909 nas obras de Ara Solis, o selo de Cabo Villaverde, que acaba de morrer. E despois, nunha entrevista con Manuel Beiras, que tiña cinco anos cando a exposición tivo lugar: agora, co centenario, non podíamos esquecer este gran acontecemento”**

templar na súa editorial, Ara Solis, postais históricas de Santiago de Compostela, entre as que había algunhas deste evento tan importante. E ata fotografías moi primitivas, posteriores en poucos anos aos daguerrotipos. Despois, recordo que lle fixen unha entrevista a Manuel Beiras García en 1994. Manuel Beiras tiña 5 anos cando se levantou a exposición, e a verdade é que a recordaba bastante. Polo menos, o suficiente para que eu me interesara aínda máis nela”.

**Henrique Alvarellos cre que as épocas de crise non sempre son épocas de desesperanza. “Esta gran exposición de 1909 é un gran exemplo de como se poden alcanzar grandes metas en**

época de dificultades”. Santiago de Compostela, en efecto, viña dun tempo difícil. A escuridade do século XIX traducíase nunha perda de relevancia, cultural e política, pero a chegada do diñeiro da emigración, sinala Alvarellos, provocou unha mellora social e económica en Galicia, ao tempo que chegaban as novas tecnoloxías, nun momento de furor inventor (o ferrocarril, en 1883). Todo iso contribuíu, incluíndo a presenza en Santiago de nomes como Brañas, Murguía ou Barcia, o comezo da Asociación Regionalista, e, por suposto, a aposta decidida pola Exposición de homes como Montero Ríos, o seu xenro García Prieto e outros. Margarita Barral, coñecida especialista do chamado

*monterismo*, fala no limiar do libro máis arriba mencionado da intervención decisiva de Montero Ríos no proxecto. Pero houbo máis: o apoio da igrexa (foi Ano Santo) e a participación doutras persoas que, co tempo, demostrarían a súa valía indiscutible: sobre todo Pais Lapido. Así que tal vez a Exposición Regionalista Galega de 1909 foi o resultado dunha gran conxunción de cerebros privilexiados. E de xentes moi interesadas nas transformacións, na nova época que traía consigo o século XX. “Púxeme a traballar fai un ano aproximadamente, pero a verdade é que facía tempo que tiña en mente que era necesario resucitar a importancia de aquel grande acontecemento”, subliña Alvarellos.

### A segunda visita de Alfonso XIII a Santiago e a paixón fotográfica da raiña Isabel II

Alvarellos, apaixonado da recuperación dos fragmentos esquecidos da historia, recorda a chegada de Alfonso XIII a esta Exposición de 1909, da que consta documento gráfico (páxina seguinte, na escaleira que daba acceso á mostra). “Xa había estado en Santiago Alfonso XIII”, di o xornalista “concretamente en 1904”. Pero non foi un ano xubilar. Esta vez o monarca fixo a ofrenda ao Apostol en Ano Santo, e coa exposición en marcha, pero se negou en redondo a que se lanzasen fogos de artificio. Sinala Alvarellos que o rei chegou a Santiago cunha infección de oídos, así que os fogos da noite do día 24 dese ano foron suspendi-

dos. Quizais porque se hospedaba a só uns metros, no Palacio Arzobispal. Os fogos se lanzaron, pero cando a choiva cesou (o 25 choveu moito) e cando o rei xa non estaba no palacio. É dicir, a noite do 26. Contábo ‘O Eco de Santiago’, o mesmo periódico que dedicou unha edición especial a conmemorar o evento. Alvarellos di que tivo ocasión de ver o decreto real polo que se prohibía o lanzamento de foguetes e voladores. E recorda tamén a chegada de Isabel II a Santiago en 1858. Ano Santo, aínda que a raiña chegou o 7 de setembro, e cunha exposición en marcha, organizada pola Sociedad de Amigos del País.

Foi, sen dúbida, un dos precedentes do gran evento de 1909, aínda que moito menor. Henrique Alvarellos amosa o seu interese pola figura de Isabel II e pola súa visita a Santiago. “É un tema que teño entre mans desde hai tempo. Comprobei, durante un par de viaxes a Madrid, como Isabel II tiña unha gran paixón polo novo invento, a fotografía. Alá onde ía facíase acompañar dun fotógrafo, para que immortalizara o que ocorría. E en Santiago non foi diferente, aínda que para a ocasión elixiu un fotógrafo local, Andrés Cisneros, que realizou o álbum da súa presenza en San Martín Pinario. Seguiremos investigando”, engade.

### A extraordinaria figura de Pedro Pais Lapido

Pedro Pais Lapido, presidente da Sociedade Económica de Amigos do País, foi nomeado presidente do comité executivo da exposición. A vicepresidencia foi para Eduardo Vilariño e Miguel Castro, e como secretarios actuaron Armando Cotarelo Valledor e Máximo da Riva. Pedro Pais Lapido, a quen a cidade de Santiago dedicará unha estatua na Alameda, foi en gran medida o responsable deste gran proxecto, aínda que a confluencia de nomes importantes na Compostela de entón contribuíu considerablemente a que a Exposición se puxese en marcha. Alvarellos, citando a Xosé Ramón Barreiro, di: “a sociedade económica de amigos do país era

unha institución parauniversitaria, un organismo dinamizador de primeira orde. Un faro que irradiaba iniciativas continuamente: económicas, sociais, culturais. Quen consegue que, por exemplo, Manuel Murguía sexa nomeado cronista oficial de Galicia”. A personalidade de Pais Lapido tivo que ser moi destacada. De feito, Barreiro define a Lapido como “home de fortuna, pero sobre todo soñador de utopías (...) o gran impulsor, a máquina motora desta exposición”. Dise que puxo moito diñeiro do seu propio peto (o déficit alcanzou as 265.000 pesetas), por iso en Santiago se acuñó a frase: “que o pague Pais Lapido”.

## a memoria compostela 1909

**A** exposición, que chegaría ata os 30.000 metros cadrados, ocupou como é sabido os terreos do que máis tarde sería o Campus Sur. Os visitantes dobraron a poboación da cidade, que, trala perda da capitalidade provincial, non se atopaba no seu mellor momento. Pode dicirse que Santiago alcanzaba os 23.000 habitantes, pero xa para entón Coruña tiña 47.000. A Exposición foi, xa que logo, unha clara aposta dun grupo de notables, un exemplo de como poden unirse as forzas, aínda que fosen dispares, para lograr unha meta importante en época de crise. Poucas veces en Santiago de Compostela deuse unha confluencia tan extraordinaria de elementos positivos, unha altura de miras e unha visión da modernidade desta categoría. “Lamentablemente”, di Alvarellos con certa pesadumbre, “non foi posible recoller a testemuña desta enerxía, dese xeito de ver o mundo, nos anos sucesivos. O século XX foi como foi, iso xa se sabe. Entre o de Primo de Rivera e logo, a ditadura de Franco, aqueles intentos de buscar a mirada internacional, aquel aire parisino magnífico que os arquitectos deron á Exposición non regresou. Quen sabe se as cousas poderían ter sido doutro xeito. Talvez. Se analizamos o que houbo naquela Exposición, pabellón a pabellón, quedaríamos sorprendidos. Nesta mostra fotográfica de Fonseca (que estará aberta até o 18 de outubro) pode verse con claridade

**“Por primeira vez, Galicia foi considerada dun xeito global, internacional, mirando a Europa. A modernidade alcanzou todos os eidos da Exposición, malia a moitas dificultades do momento”**

o que significou aquilo”. “Por primeira vez”, sinala Alvarellos con evidente paixón, “Galicia considerouse como algo global, como Gallaecia; un país cara ao futuro, que miraba ao exterior, que ensinaba a tecnoloxía e as maravillosas invencións da época..., ata o restaurante era magnífico. Hai que pensar o que supuxo para o cidadán a chegada de tantas novidades, a implantación do ferrocarril, etc.”, conclúe.

**A unión fai a forza. Esa parece ser a máxima** que guiou o desenvolvemento da Exposición compostelana de 2009. As once construcións foron extraordinarias, malia que, a causa do mal tempo que se cebou coa instalación, o Pavellón do Ministerio de Fomento veuse abaixo tan só tres días despois da apertura. A magna obra estivo en mans de arquitectos de primeira categoría, como Antonio Palacios, Antonio Flórez, autor do Pavillón central, ou o seu axudante, Gómez Román. Alvarellos, no libro recentemente publicado sobre o evento,



Vista do Pavillón Central da 'Exposición Regional Gallega', baixando dende a escalinata



O rei Alfonso XIII fai a súa entrada no recinto da Expo, baixando pola coñecida escalinata

## A moda das exposicións universais e a chegada da modernidade

A exposición de 1909 foi, en realidade, a culminación doutras anteriores, máis modestas. E tamén o resultado dunha moda que se espallaba por toda Europa e que tivo, como antecedentes máis importantes, Londres e París. As exposicións universais tendían a mostrar as maravillas do novo mundo, pero tamén a importancia do impulso humano, os novos inventos, e recollían, en gran medida o impulso da Revolución Industrial. Unha exposición supoñía entrar en contacto cunha mirada idealista, cunha forma diferente de ver a realidade e as capacidades humanas.

Como sinala Margarita Barral,

moitos elementos contribuíron ao optimismo e ao progreso. Moitos deles, tecnolóxicos. O ferrocarril e a electricidade serviron para poñer en marcha novas formas de vida, e o tempo e o espazo empezaron a verse doutro xeito. A primeira gran exposición universal, sinala Barral, foi a de Londres, en 1851, 'The Great Exhibition of the Works of Industry of All Nations'. É unha exposición coñecida, porque os edificios de ferro e cristal fixéronse famosos na iconografía inglesa. Foi, como se ve, un exposición pionera que mostraba os cambios profundos nun país que protagonizou gran parte dos avances da época. A partir de aí, as exposicións

sucedíanse. As de París, tan notables, que nos deixou o recordo do Campo de Marte e a Torre de Eiffel en 1889, e xa, a finais do XIX, a primeira exposición universal en España, que tivo lugar en Barcelona en 1888. Máis tarde viría Zaragoza, en 1908. Moitas destas mostras tiveron unha orixe localista, como a de 1847 en Santiago, que foi en realidade un Congreso Exposición agrícola. Exposicións con forte presenza agrícola e ganadera sucedéronse, sinala Barral, tanto en Lugo como na Coruña, en Pontevedra ou Vigo. A de 1909 en Santiago foi algo infinitamente máis grande e máis importante, e marcou toda unha época.

fala do estilo vienés da escalinata central (hoxe conservada, dalgún xeito, en forma de adaptación). do estilo francés do Pavillón central “que pretende emular o *art-nouveau* de Le Petit-Palais de París (...) e que ten así mesmo un parecido sorprendente co Pavillón construído no Parque do Retiro polo arquitecto Luís Bellido con destino á Exposición de Industrias Madrileñas de 1907”. Todo estivo rodeado dun gran sentimento humano, da capacidade do home por facer cousas, por transformar o mundo, por buscar a beleza e a excelencia. Desde o Pavillón de Industrias, con 600 expositores, ata o Pavillón do Centro Galego da Habana (páxina anterior), o de Fomento, que, como dixemos, caeu aos tres días, o Pavillón de Recreo Artístico e Industrial, inaugurado un par de días antes de comezar, na Herradura, que albergaba

**Cunha certa nostalgia, hoxe, ao pasear pola Alameda e o Campus Sur, pensamos nos edificios que alí se construíron,e, sobre todo, no espírito que latexaba naquela empresa increíble de 1909**

o celebrado restaurante. “A historia deste pavillón será longa e variopinta”, escribe Alvarellos. “En 1910 alugará o edificio o empresario Isaac Fraga e monta aquí o cinematógrafo. Foi redecorado polo escenógrafo Camilo Díaz Valiño e proxectáronse películas polo menos ata 1915. Posteriormente pasa a ser propiedade do Concello, que o destina, logo de reformado, a Laboratorio Químico Municipal”. Tivo moitos máis usos, que, en parte, desfiguraron a traza inicial de Antonio Palacios. Foi ata cuartel da Falange ata converterse, hoxe, nunha escola infantil.

**Non hai sitio aquí para explicar toda a grandeza** desta 'Exposición Regional' de 1909 que, ademais, axuda extraordinariamente a entender o desenvolvemento da cidade de Compostela. A documentación gráfica dinos moito de 1909, pero tamén de todos nós, do pasado e de como a cidade variou, co paso do tempo, inexorablemente. Cunha certa nostalgia, hoxe, ao pasear pola Alameda e o Campus Sur, pensamos nos edificios que alí se construíron,e, sobre todo, no espírito que latexaba naquela empresa increíble. Foi o ano no que empezaron as peregrinacións organizadas (Westminster, Baviera)... alí naceron moitas cousas. O fondo do fotógrafo Manuel Chicharro, dixitalizado no Instituto Padre Sarmiento, axuda a botar unha mirada a aqueles días extraordinarios do pasado. De momento, poden ver parte desa brillante obra fotográfica nesta exposición conmemorativa de Fonseca, cen anos despois. Non deberían perderlla, se aman esta cidade.